

# CONFERENCIA FINAL DE TITTAN COVID-19

Participa na conferencia final do proxecto TITTAN COVID-19 para o vindeiro 27 de setembro

## CONTIDOS RELACIONADOS

TITTAN COVID-19

Despois dos tres obradoiros do proxecto TITTAN COVID-19 nos que se mostraron as boas prácticas, recompiladas polos socios do proxecto, que se aplicaron e que foron esenciais na loita contra a covid-19, chegou o momento do evento final do proxecto TITTAN.

Nesta conferencia final os socios do proxecto compartirán as leccións aprendidas durante a loita contra a pandemia da covid-19. Tamén afondarán nas prácticas que foron clave nesta loita en cada unha das rexións: Galicia (socio principal), Euskadi, Saxonia, Lombardía e Escocia.

Será unha boa oportunidade para concluír o proxecto TITTAN que leva 6 anos compartindo experiencias e leccións aprendidas no campo da innovación sanitaria.

Uns días antes do evento publicaremos unha ligazón para acceder ao evento por *streaming*.

Esperamos que nos poida acompañar e coñecer todas as interesantes actividades

**Data:** 27 de setembro de 2022

**Lugar:** salón de actos da ACIS

**En liña:** ligazón que se comunicará uns días antes da data

10:00 (GMT +1) - Benvida e introdución

10:30 Sesión 1 - Galicia, Euskadi e Lombardía

- Galicia - Boas prácticas como resposta á covid-19: A estratexia galega de vacinación.
- Euskadi - Boas prácticas como resposta á covid-19: Teleconsultas e videochamadas en Osakidetza.
- Lombardía - Boas prácticas como resposta á covid-19: As primeiras semanas da pandemia na primeira rexión europea gravemente afectada.

12:00 - Descanso

12:30 - Sesión 2 - Saxonia e Escocia

- Saxonia - Boas prácticas como resposta á covid-19: Agrupación-Clúster de hospitais rexionais nun sistema sanitario con hospitais independentes.
- Escocia - Boas prácticas como resposta á covid-19: Apoio á decisión clínica COVID-19.

13:30 - Debate

14:00 - Clausura do evento

Pódese descargar a axenda completa do evento [picando aquí](#)

Máis información sobre o evento, en inglés, [picando aquí](#)

## TITTAN COVID-19

O proxecto ten como obxectivo establecer unha rede de intercambio de coñecemento con outras rexións europeas para potenciar a innovación e a transferencia de tecnoloxía no ámbito da saúde. O proxecto finánciase a través do Programa Interreg Europe a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Socios:

- Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), Galicia (España), coordinador
- Fundación Vasca de Innovación e Investigación Sanitarias (BIOEF), Euskadi (España)
- Fondazione Regionale per a Ricerca Biomedica (FRRB), Italia
- Healthy Saxony (HS), Saxonia (Alemaña)
- Digital Health & Care Innovation Centre (DHI), Edimburgo (Reino Unido)